

ACTA NÚM. 5 DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A  
CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO ESPECIALISTA BAIXO A MODALIDADE  
CONTRACTUAL DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA PARA O  
DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE I+D+i DIRIXIDA A UN ESPECIALISTA EN  
AVALIACIÓN DA SEVERIDADE DOS LUMES FORESTAIS DENTRO DO PROXECTO INTERREG-  
SUDOE (SOE2/P5/E0811): ESTRATEXIA CONXUNTA PARA A PROTECCIÓN E RESTAURACIÓN  
DOS ECOSISTEMAS AFECTADOS POR INCENDIOS FORESTAIS. "XESTIÓN INTEGRADA EN  
ZONAS NATURAIS DE ALTO RISCO" (EPYRIS)

ASISTENTES

Presidente: José Antonio Portos Mouriño, Xefe da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria

Vogal: Enrique Martínez Chamorro, Director do Centro de Investigación Forestal de Lourizán

Vogal: Manuel Luaces López, Director do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

En -Pontevedra, no Centro de Investigación Forestal de Lourizán, sendo as 11.30 horas do 21 de setembro de 2020, reúnese telematicamente a comisión que cualificará o proceso selectivo para a Contratación dun/dunha Técnico especialista baixo a modalidade contractual de proxectos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento de actuacións de I+D+i dirixida a un especialista en avaliación da severidade dos lumes forestais dentro do proxecto Interreg-Sudoe (SOE2/P5/E0811): Estratexia conxunta para a protección e restauración dos ecosistemas afectados por incendios forestais. "Xestión integrada en zonas naturais de alto risco" (EPYRIS) nomeada por RESOLUCIÓN da Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal, de 13 de xullo de 2020 coa asistencia das persoas antes relacionadas, e coa seguinte orde do día:

- Punto primeiro.- Apertura da 2ª fase do proceso selectivo: realización da entrevista. Aberta a





2ª fase do proceso de contratación, procedeuse a realizar a entrevista ao único candidato que, segundo as bases, superou a 1ª fase do proceso selectivo.

Formúlanselle tres preguntas sobre as materias relacionadas no Anexo III das bases da convocatoria, nas que o candidato obtén a puntuación indicada de xeito respectivo:

1ª.- Análise de vulnerabilidade a lumes de copa en zonas arboradas. (3,5/15 puntos)

2ª.- Avaliación da severidade do lume e danos postfogo nas áreas queimadas. . (4,5/15 puntos)

3ª.- Emprego dos índices de teledetección para a avaliación da severidade do lume na vexetación o solo. (5,5/15 puntos)

A puntuación acadada polo candidato nesta 2ª fase do proceso é de 13,5 puntos, que sumados aos 52,1 puntos conseguidos na 1ª fase fan un total de 65,6 puntos.

• Punto segundo.- Aprobación e publicación da listaxe provisional coa puntuación total do proceso selectivo. Apróbase a publicación da listaxe provisional coa puntuación total do proceso selectivo conforme se reflicte no seguinte cadro:

Fernández *****, José Mª	
	PUNTUACIÓNS
1ª FASE: BAREMO DE MÉRITOS	52,1
2ª FASE: ENTREVISTA	13,5
<b>TOTAL</b>	<b>65,6</b>

E non habendo outros asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 12.00 horas, no lugar e data sinalados no encabezamento. O que certifico como secretario da comisión co visto e prace do seu presidente.

Vº e prace

O presidente

O vogal






**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
Centro de Investigación Forestal  
de Lourizán

Apartado de Correos nº 127 Lourizán  
36080 PONTEVEDRA  
Teléf: 986 80 50 04 – Fax: 986 80 50 31  
Correo electrónico: [infolourizan.mr@xunta.es](mailto:infolourizan.mr@xunta.es)

**AGACAL**  
AXENCIA GALEGA DA  
CALIDADE ALIMENTARIA



Asdo.: José Antonio Portos Mouriño

Asdo.: Enrique Martínez Chamorro

CVE: n2HmBY0B4  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

